

MANIFESTO POR UNHA ATENCIÓN DIGNA Á DEPENDENCIA

Os servizos sociais son o sistema que protexe as persoas máis vulnerables, e só un sistema público garante a igualdade no acceso aos recursos e prestacións.

Desde hai un tempo estamos vendo como a atención á dependencia na Galiza deixa moito que desexar en canto a axilidade, universalidade e equidade. Case todos os días podemos ler nos medios de comunicación noticias ao respecto: longas listas de espera na tramitación da dependencia e mesmo persoas que falecen sen chegar a recibir a prestación que teñen recoñecida. **A atención á dependencia vive unha auténtica emerxencia que é necesario atallar.**

A principios deste ano 2025, a Xunta de Galicia, aprobou de forma unilateral unha reforma da lei 13/2008 de servizos sociais que, lonxe de mellorar a situación da atención á dependencia, reduce o dereito dos galegos e galegas aos servizos sociais.

Este goberno fixo esta reforma pola porta de atrás, aproveitando a lei de acompañamento dos orzamentos, para evitar así a consulta e participación dos axentes sociais.

Para tal importante cambio non se convocou o Consello Galego de Benestar Social, órgano consultivo e de participación en materia de servizos sociais, e mesmo se aproveitou o mesmo sistema da lei de acompañamento para deixalo sen competencias.

Dende o 3 de xaneiro de 2025, unificáronse as solicitudes de dependencia e discapacidade, eliminando o informe social, o que trata as valoracións profesionais como se se tratase dun simple trámite ou acto administrativo. O que significa un **ataque aos dereitos da cidadanía**, de ter uns servizos sociais dignos e de calidade. Despois desta reforma, as solicitudes poderanas facer as persoas usuarias ou entidades de carácter lucrativo. Provocando a **desigualdade no acceso aos recursos**.

Porén, malia os anuncios e a propaganda, as sucesivas mudanzas normativas non supuxeron una redución nin dos tempos nin das listas de espera.

A día de hoxe, **unha persoa dependente en Galiza ten que esperar de media 393 días**, unha semana máis que en decembro de 2024, máis do dobre do que di a lei que fixa en 180 días ese tempo máximo de tramitación.

Pero non só aumenta o tempo de espera, tamén o número de galegas e galegos esperando por un servizo ou prestación ao que teñen dereito. Actualmente **hai case 1.700 persoas agardando por un servizo ou prestación á que teñen dereito** recoñecido por lei. Case 200 persoas máis que en decembro de 2024. E hai quen non pode esperar. No que levamos de ano faleceron en Galiza 55 persoas agardando pola dependencia. 55 persoas que se suman ás máis de 7 mil que faleceron na lista de espera desde 2017.

Xa a finais do ano 2023 se tiñan publicado cambios normativos onde se unificaba nun procedemento a valoración de dependencia e a aprobación do PIA (Programa Individual de Atención) e coa que se pretendía reducir os prazos á metade, que

naquel momento xa estaban en máis dun ano. A realidade é que estes prazos se alongaron e ademais **as persoas dependentes perderon dereitos ao unificar o procedementos**.

Exemplos desta situación son:

- Casos de arquivo por falecemento atopándose a valoración feita, e despois de transcorrido máis de un ano (solicitud de decembro de 2023, valoración en agosto 2024, falecemento en outubro de 2024 e arquivada por falecemento en febreiro do ano 2025).
- Tempos de agarda de 14 meses en persoas con 98 anos de idade.
- Peticións de actualización de informes médicos, con ameaza de arquivo de expediente.
- Meses de espera para o cambio de PIA por empeoramento e ingreso en residencias.

Estas novas modificacións que acaban de entrar en vigor onde se unifican o procedemento de dependencia co de discapacidade, e se regulaban varios casos de homologación da discapacidade para persoas que tivesen recoñecido xa grao de dependencia, vai traer **importantes prexuízos tamén para as persoas con discapacidade**, toda vez que non se avalía a situación real e individual de cada caso, nin por exemplo a mobilidade reducida que afecta a moitas persoas maiores.

En realidade, esta reforma non é máis que a **privatización do sistema de xeito encuberto**. Pretenden volver enganar a poboación. Agora din que van resolver as solicitudes en 6 meses, algo que xa estaba recollido previamente na lei. É dicir, xa tiñan a obriga de resolver en 6 meses antes desta nova reforma e da súa propaganda. É máis, xa o dixeron no 2023 e os tempos de resolución non fixeron máis que aumentar.

Pretenden culpar as profesionais do atasco nas resolucións, en lugar de asumir a responsabilidade pola súa **incompetencia e mala xestión**.

As galegas e galegos precisan políticas públicas que garantan unha atención á dependencia digna, xusta e áxil. Precisan **máis recursos públicos e menos bonos inxustos**.

A única forma de baixar as listaxes de espera é incrementar os cadros de persoal dos servizos de dependencia e discapacidade con carácter estrutural creando novos postos de traballo, tamén incorporando profesionais de disciplinas non contempladas agora, cubrindo baixas e vacantes (e non reforzando os servizos cando se “desmadran” os tempos de agarda). O persoal non pode asumir a mesma carga de traballo nun momento en que, cada vez máis, se incrementan as necesidades da poboación en situación de dependencia.

Non queremos máis políticas de bonos, que recordan tempos pasados, nos que os servizos sociais eran un sistema asistencial e de beneficencia. **Non queremos caridade, queremos xustiza social**.

A utilización destes bonos por parte da Xunta do PP busca silenciar a usuarios/as e familias e é unha estratexia para non dar servizos á poboación e que o diñeiro público remate en mans privadas. Inda por riba, esta política de bonos devolve os coidados ao fogar perpetuando o rol de coidadoras das mulleres.

O Goberno galego non quere investir na atención ás persoas dependentes, de aí que na Galiza teñamos a porcentaxe de solicitudes de dependencia máis baixa de todo o Estado español cando somos a comunidade máis envellecida: só 18 de cada 100 persoas dependentes a solicitan, desmotivadas pola falta de medios e continuas modificacións lexislativas.

Para que exista un verdadeiro sistema de atención ás persoas dependentes necesítanse máis recursos económicos que se traduzan en máis residencias públicas, máis centros de día, máis servizo de axuda no fogar e coordinación co sistema sanitario.

E todo iso acompañado de melloras nas condicións de traballo das profesionais, que son na súa maioría mulleres. **Non se poden ofrecer servizos de calidade se as persoas que os ofrecen non teñen unhas condicións de traballo dignas.**

Non se poden converter os coidados nun negocio en mans de grandes multinacionais.

Necesitamos dunha estratexia de servizos sociais, que garantan a calidade dos servizos públicos. O acceso aos servizos sociais é un dereito recoñecido.

A conselleira de Política Social e Igualdade, négase a convocar o Consello Galego de Benestar Social. Négase a reunirse cos axentes sociais. Non contestan as peticións das organizacións. O goberno do Partido Popular está a gobernar de costas ao pobo, utilizando a maioría absoluta como unha apisoadora de dereitos.

Así, tras os motivos expostos:

- Esiximos ao goberno de Alfonso Rueda **que revogue os cambios realizados na Lei 13/2008 en materia de acceso ao sistema de dependencia.**
- Exiximos ao goberno da Xunta a **posta en marcha sen demora dun sistema público galego de atención á dependencia**, que aglutine todos os recursos públicos como residencias, centros de día, SAF, etc.. xestionando estes recursos directamente pola Xunta de Galiza, de xeito que traballen coordinadamente, tamén co sistema sanitario, ademais de modificar e adaptar o modelo de atención á realidade actual. Do mesmo xeito, este sistema público galego de atención á dependencia debe contar tamén con novos recursos para atender as novas realidades nas situacións de dependencia.
- Reclamamos a **dotación urxente de persoal para as valoracións de dependencia e discapacidade**, e que estas valoracións se realicen no domicilio da persoa, tal e como establece a lei.
- Demandamos o **aumento de orzamentos para a atención á dependencia, a dotación adecuada de prazas en centros públicos**, e a creación de cantos recursos públicos sexan necesarios para garantir que as necesidades das galegas e galegos sexan cubertas.
- Solicitamos a **convocatoria urxente do Consello Galego de Benestar Social**, coa comparecencia da Conselleira de Política Social e Igualdade, e que se repoña o papel consultivo deste organismo.

- Facemos un **chamamento ás organizacións políticas** para que asuman estas reivindicacións como propias e poñan en marcha cantas iniciativas consideren para camiñar para a súa xusta consecución.

Por todo o exposto, as organizacións abaixo asinantes, para facer fronte común á necesidade dunha atención digna á dependencia a través dun sistema público galego forte, constituímonos en **PLATAFORMA GALEGA POR UNHA ATENCIÓN DIGNA Á DEPENDENCIA – EMERXENCIA DEPENDENCIA**